

## PLAN DE ACTIVIDADES 2005

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade de apoio ás universidades galegas, nos seguintes ámbitos de actuación:

### **1.- Servicios de apoio a produción científica que se está a desenvolver na nosa comunidade autónoma:**

1. Contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas: Bases de datos referenciais, libros electrónicos, revistas electrónicas, portais de información.
2. Análise estatístico das consultas realizadas as bases de datos referenciais.
3. Estudos de uso das coleccións de e-revistas: comparativas interanuais.
4. Estudo do factor de impacto e da cobertura por áreas das coleccións de e-revistas.
5. Análise da produción científica galega, utilizando como ferramenta de traballo o *informe bibliométrico desenvolvido pola Universidade de Granada* ó longo do último trimestre do 2004 e o primeiro do 2005.
6. Creación dunha base de datos bibliográfica que albergue a produción científica desenvolvida en Galicia.
7. Implementación dun gran portal que integre e xestione tódolos recursos electrónicos contratados, co fin de axilizar e optimizar as buscas de información.
8. Acceso remoto autenticado ós recursos electrónicos, independente da ubicación na que se atopen os investigadores.
9. Estudo da viabilidade da cooperación cos servicios bibliotecarios do SERGAS (Consellería de Sanidade), analizando o seu fondo, os seus usuarios potenciais e as posibles liñas de colaboración Bugalicia-SERGAS para adquisición conxunta de recursos electrónicos.

### **2.- Servicios de apoio as TIC nas bibliotecas:**

1. Colaboración na explotación dos sistemas de xestión das tres bibliotecas universitarias.

2. Mantemento do catálogo dos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio.
3. Posta en marcha do catálogo común de teses dixitalizadas das universidades galegas.
4. Desenvolvemento dos sistemas de xestión bibliotecaria coa posibilidade da adquisición de produtos que aporten novas funcionalidades ós usuarios

**3.- Servicios de apoio a formación continuada do persoal bibliotecario galego, organizando:**

1. Cursos de formación dos recursos electrónicos contratados.
2. Cursos específicos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias.

**4.- Colaboracións noutras iniciativas de cooperación bibliotecaria.**

**1. No ámbito galego:**

1. Colaboración coa Consellería de Cultura no desenvolvemento da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
2. Colaboración cos investigadores dependentes da Xunta de Galicia.
3. Colaboración coa Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia.
4. Colaboración coa Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego.

**2. A nivel nacional:**

- Colaboración co Grupo Español de Usuarios de Innopac (GEUIN) como membros do Comité Directivo.
- Colaboración coa ANECA na realización dunha guía e procedementos para avaliar os servizos da biblioteca universitaria.
- Colaboración coa Unidade de Calidade das Universidades Andaluzas.
- Colaboración coa Universidade Pompeu Fabra no seu Máster de Documentación Dixital
- Colaboración cos Consorcios de Bibliotecas Universitarias de outras Comunidades Autónomas.